

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAXES PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS E DE AGARDA DAS ESCOLAS INFANTÍS DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2016/2017

O artigo 7.C) do Regulamento de réxime interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Naqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, será a Comisión de baremación intercentros a que proceda á aprobación da adxudicación de prazas, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento.


Por todo o exposto, e en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO

1. Facer públicas as listaxes provisionais de persoas admitidas e de agarda das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2016/2017, por tramos de idade e orde de puntuación, segundo o anexo I desta resolución.
2. Establecer o prazo de apertura de reclamacións de 10 días naturais a partir do seguinte ao da publicación destas listaxes no taboleiro de anuncios das escolas infantís, nas páxinas www.igualdadebenestar.org e www.escolasinfantisdeg Galicia.es e no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 18 anteriormente citado.

As reclamacións serán presentadas perante o órgano encargado da baremación e aprobación de prazas, no período comprendido entre os días 21 e 30 de setembro, ambos os dous incluídos, na escola infantil que corresponda e no horario que así o determine o centro.

As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se da publicidade ás listaxes definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas para o curso escolar 2016/2017.

Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2016



**CONSORCIO
GALEGO**
de Servizos de Igualdade e Benestar
XERENCIA

Perfecto Rodríguez Muíños
Xerente do Consorcio Galego de
Servizos de Igualdade e Benestar